

PLATAFORMA DE ADESTRAMENTO DUNHA CABINA DE SEGURIDADE BIOLÓXICA



Este proxecto describe o desenvolvemento dunha plataforma de adestramento didáctico en realidade estendida dunha cabina de seguridade biolóxica en rede e multiusuario resultado da colaboración entre o profesorado e o alumnado dos Cursos de Especialización de Desenvolvemento de Videoxogos e Realidade Virtual (CEVRA) e o de Cultivos Celulares (CECC) do CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel e a empresa Phivehicle S.L.

A plataforma permitirá que o alumnado e o profesorado dos dous cursos de especialización participen no desenvolvemento dun proxecto real que poderá ser empregado como ferramenta de aprendizaxe previa ao uso das cabinas físicas polo alumnado do CECC, coa posibilidade engadida de poder formar tamén ao futuro persoal docente deste curso de especialización e ao alumnado e profesorado doutros ciclos formativos e doutros centros educativos e ao persoal de centros do sector produtivo.

MODOS DE FUNCIONAMENTO


Esta plataforma consta de dous modos de funcionamento

Modo Titorial:

Con este modo de funcionamento o alumnado pode realizar calquera das prácticas seleccionadas, recibindo en tempo real información dos erros que cometen, para que sexan conscientes dos erros que cometen e reforzar a aprendizaxe.

Modo Avaliación:

Neste modo de funcionamento o alumnado poderá facer prácticas dos protocolos de forma autónoma, e neste caso sen axuda e sendo rexistradas todas as súas accións para poder ser avaliadas polo profesorado. Os procedementos implementados son:



1. Procedemento de apertura, limpeza e peche dunha cabina de seguridade biolóxica

Na cabina de seguridade biolóxica os procedementos previos ao traballo en si, son igual de importantes para manter as condicións de asepsia. O alumnado poderá practicar como activar a luz UV, acender e limpar a cabina antes de comezar a traballar, así como deixala limpa ao rematar o traballo na mesma.

2. Procedemento de cambio do medio de cultivo a un cultivo celular

Moitas veces é necesario facer un cambio de medio a un cultivo celular. O alumnado poderá practicar os pasos a seguir para facelo, aprender onde debe colocar cada instrumental empregado e a forma de traballar mantendo a asepsia

3. Procedemento completo de subcultivo dunha liña celular adherente

O día a día dun laboratorio de cultivos celulares consiste en manter as liñas celulares e subcultivalas para poder realizar diferentes ensaios con elas. O alumnado poderá practicar levando a cabo todo o procedemento de subcultivo. Deberá saber que pasos seguir, que material empregar e cal é a forma axeitada de traballar na cabina

ENTORNO WEB PARA O ENSINO EN REALIDADE VIRTUAL



FORMACIÓN PROFESIONAL

Plataforma educativa de adestramento
Cabina de seguridade Biolóxica



XUNTA DE GALICIA

CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL A CARBALLEIRA-MARCOS VALCÁRCEL



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

Iniciar sesión

Correo electrónico
test@xunta.es

Contraseña

Iniciar sesión agora

[Esqueciches a tua contraseña](#)

Idioma

Este proxecto combina tecnoloxías de realidade virtual e tecnoloxías web para facilitar e mellorar o proceso de aprendizaxe do alumnado no seguimento dos protocolos de uso dunha cabina de seguridade biolóxica. O obxectivo principal é ofrecer unha plataforma accesible e eficiente que permita visualizar os progresos e erros cometidos polo alumnado, garantindo así unha aprendizaxe máis efectiva.

Estrutura da Plataforma

A plataforma conta cun sistema de xestión que permite a interacción de dous perfís principais: profesorado e alumnado.

Perfil de Alumno/a



O alumnado ten acceso a:

- O rexistro completo do seu proceso de aprendizaxe.
- As prácticas realizadas e os seus resultados.
- Recomendacións para mellorar os erros cometidos.

Perfil do Profesorado

O profesorado pode:

- Consultar os progresos do alumnado.
- Analizar a frecuencia de realización de exercicios.
- Identificar erros e acertos.
- Adaptar o ensino reforzando os aspectos que máis necesita cada alumno/a.



BENEFICIOS DA PLATAFORMA

A combinación de tecnoloxías de Realidade Extendida con ferramentas web proporciona:

- Un **seguimento detallado** e continuo do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Unha **ferramenta complementaria** para o profesorado dentro da aula.
- Un **ambiente inmersivo e interactivo** que mellora a experiencia de aprendizaxe.

Grazas a esta integración tecnolóxica, o alumnado pode recibir unha formación máis personalizada e efectiva, mentres que o profesorado dispoñen de datos clave para optimizar o seu ensino.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



XUNTA
DE GALICIA

CENTRO INTEGRADO DE
FORMACIÓN PROFESIONAL
A CARBALLEIRA-MARCOS VALCÁRCEL

PHIVR